UNIDADE DIDÁCTICA 5. DEMOGRAFÍA, ECONOMÍA E SOCIEDADE NA GALICIA MODERNA (1874-1936) (2ª AVALIACIÓN, 1ª QUINCENA)

INDICE

1. A evolución demográfica
1.1 A importancia da emigración

2. As transformacións económicas
2.1 Os cambios no sistema agrario galego
2.1.1 A formación de pequenos propietarios,
2.1.2 A privatización dos montes comunais
2.1.3 A aplicación dos avances científicos e tecnolóxicos e a especialización produtiva
2.1.4 A mercantilización das pequenas explotacións familiares

2.2. O desenvolvemento industrial e comercial
2.2.1 A industria conserveira e a construción naval
2.2.2 O ferrocarril
2.2.3 O sector hidroeléctrico
2.2.4 As orixes da banca galega

3. Os cambios sociais
3.1 A desaparición da fidalguía
3.2 O auxe da burguesía industrial e comercial
3.3 O papel do clero
3.4 O campesiñado e o proletariado

4. Educación e cultura

5. Bibliografía

1. A EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA

O crecemento que experimenta a poboación galega durante a etapa do Antigo Réxime non se mantén ca mesma intensidade a partir do último terzo do século XIX. O incremento demográfico, posible gracias á ausencia case total de mortalidade catastrófica, continúa pero dun xeito moito máis feble, sobre todo se o comparamos co que sofre a poboación española en xeral nos mesmos anos. Ademais do baixo crecemento poboacional hai que destacar como características da demografía galega contemporánea a súa tendencia ao envellecemento, a distribución xeográfica de modo disperso e, sobre todo, a constante emigración durante máis dun século (1853-1973).

Ao longo da segunda metade do século XIX as provincias de Lugo e Ourense perden peso poboacional despois do forte incremento que sufrirán gracias á introdución do cultivo da pataca. En consecuencia, vaise acentuando a tendencia, xa dominante no século precedente, da diferenciación xeográfica na distribución da poboación. As zonas do interior de Galicia perden peso a favor das áreas costeiras e do crecemento, aínda que lento, dos núcleos urbanos. Este desprazamento de xente á costa e a consecuente vitalidade das provincias de A Coruña e Pontevedra manterase ata a modernidade.

Durante o último terzo do século XIX e as primeiras décadas do XX a maioría da poboación galega continúa concentrándose no medio rural pero ao mesmo tempo pode apreciarse unha lenta pero progresiva urbanización. O escaso crecemento industrial concéntrase na beiramar e isto provoca transferencias de poboación da Galicia interior á costeira. Tamén do campo ás cidades, especialmente nos caso de Vigo e A Coruña, favorecendo a apertura de novas rúas, a construción de vivendas e certa mellora nos equipamentos urbanos de transportes, lousados, iluminación pública, teatros, cines, xardíns, etc. Porén, todos estes cambios non abondan para cambiar a natureza abrumadoramente rural e agraria de Galicia xa que os cambios so se centran en núcleos moi determinados e outras cidades, nas que o desenvolvemento industrial é moito menor, apenas medran. En 1900 ningunha cidade galega chega aos cen mil habitantes e ao final do período tan so A Coruña e Vigo superan esta cifra. As grandes cidades dos galegos ata mediados do século XX son americanas. Bos Aires, Montevideo e A Habana máis poboación galega que ningunha cidade de Galicia. A articulación da rede urbana galega mellora, na segunda década do século XX, coa aparición das primeiras compañías de autobuses como Castromil ou a Empresa Ribadeo.

1.1. A importancia da emigración

Porén, o fenómeno máis importante da demografía galega contemporánea é o enorme peso que ten a emigración. Trátase dunha emigración masiva, en ocasións case organizada e regulada polos propios gobernos, e dirixida fundamentalmente a países americanos como Cuba, Arxentina, Uruguai, Brasil ou Venezuela. As causas deste éxodo son complexas e difíciles de precisar pero, sen dúbida, a situación económica xeral de Galicia e, en particular, o desmantelamento da industria téxtil rural

están na orixe da emigración a América. Emigrar non está ao alcance de todo o mundo. Necesítase información previa, redes coas que establecer contactos e recursos para pagar a viaxe.

O fenómeno migratorio que tradicionalmente se analizou como negativo tamén reporta a Galicia grandes beneficios xa que é un dos poucos elementos que sitúa á economía galega no ritmo evolutivo do capitalismo a nivel mundial. A emigración actúa, sobre todo ao longo do século XX, como factor de modernización e de transformación da realidade económica, social e cultural de Galicia. A emigración galega é unha emigración maioritariamente masculina e temporal. Os emigrantes, con frecuencia, retornan e con eles toda a experiencia e as vivencias que incorporan a cultura popular galega, á música, á lingua ou á arquitectura. As persoas que emigran vence inmersas nun acelerado proceso de alfabetización e de urbanización xa que na maioría das ocasións se establecen nos barrios de Bos Aires, A Habana, Montevideo ou Sao Paulo.

Centro Galego de La Habana

Outro dos factores fundamentais que converten á emigración nun proceso positivo, transformador e modernizador de Galicia son as remesas de cartos que os emigrantes envían a súa terra de orixe. O capital emigrante aporta liquidez ás familias e mellora as súas condicións de vida, serve en ocasións para redimir os foros, montar escolas ou para inverter no pouco desenvolto proceso industrializador galego.

2. AS TRANSFORMACIÓNS ECONÓMICAS

Nas últimas décadas do século XIX, sobre todo a partir dos anos setenta, establécese en toda Europa un período de crise agraria como consecuencia da competencia de países como Arxentina, Estados Unidos e Canadá. Esta crise agraria de finais do XIX, que ten como primeira manifestación xeral a caída do prezo do cereal, supón ademais, en Galicia, o descenso ata case a desaparición da exportación de gando a Inglaterra a partir de mediados dos anos oitenta. Con esta caída iníciase unha nova fase na economía galega contemporánea que se prolongará ata a Guerra Civil e na que teñen lugar cambios fundamentais. As principais transformacións que se producen na agricultura, que continúa baseada no minifundio, xiran en torno á redención dos foros que converte ao campesiño en pequeno propietario e permite a mercantilización das explotacións familiares. Por outra parte, privatízanse os montes comunais e mellora o rendemento das explotacións gracias á especialización produtiva e a aplicación de novos avances científicos e tecnolóxicos. Ao mesmo tempo despega a industria conserveira e establécese a conexión por ferrocarril coa Meseta, feito que permite mellorar as relacións comerciais co resto de España. En xeral, as transformacións socioeconómicas producidas nas últimas décadas do século XIX e consolidadas no primeiro terzo do XX, permiten a Galicia os cambios necesarios para adaptarse á nova situación e superar a crise decimonónica.

2.1. Os cambios no sistema agrario galego

A exportación de gando galego a Inglaterra iníciase a mediados do século XIX e alcanza a súa maior expansión nos anos setenta pero a partir de 1883 esta importante fonte de ingresos comeza o seu declive ata que desaparece finalmente a partir de 1892, data na cal o goberno británico prohibe as importacións de gando vivo co pretexto dunha suposta enfermidade. As causas do descenso das exportacións poden atoparse na competencia das reses procedentes dos países de ultramar, moito máis baratas que as galegas, pero tamén en factores estruturais que non permiten ao sector gandeiro adaptarse ás novas condicións do mercado. As explotacións son demasiado reducidas, feito que incrementa os custes de produción e as fai pouco competitivas, e non están ben integradas nas redes comerciais debido tamén, en parte, ao deficiente estado das comunicacións. Ademais, en moitas ocasións, o gando galego é de baixa calidade debido a que non está orientado exclusivamente á produción de carne ou leite senón que tamén é utilizado con frecuencia nas tarefas agrícolas. A isto hai que engadir a pouca axuda que o Estado presta aos gandeiros galegos, presionado por outros grupos de poder, para facilitarlles o acceso aos forraxes nun momento de caída do prezo do cereal.

O fin das exportacións de gando vacún a Inglaterra vaise ver compensada pola apertura do mercado interior, sobre todo, despois de que Galicia quede comunicada por ferrocarril coa Meseta. A venda de reses ao Reino Unido supuxo a ampliación da superficie dedicada a pastos e cultivos forraxeiros e a creación dunha rede de

comercialización do gando, circunstancias que, dende mediados da década dos oitenta, van a ser aproveitadas para satisfacer a demanda de carne das cidades do interior como Madrid ou a Bilbao e Barcelona. Esta reorientación das exportacións e a consolidación do mercado español abre unha nova etapa de crecemento para o sector gandeiro galego. Moitos labradores galegos consolidan nas súas explotacións a especialización gandeira co consecuente aumento das plantacións de forraxes e pratenses e a desaparición do barbeito, sobre todo nas comarcas do interior de Galicia.

2.1.1. A formación de pequenos propietarios

A saída á crise agraria de finais do XIX marca o inicio de grandes transformacións no campo. Prodúcese o declive da fidalguía ao ver como os seus ingresos procedentes das rendas se reducen e o seu patrimonio se devalúa polo descenso dos prezos agrícolas. O abandono do rural dos fidalgos rendistas para dedicarse á administración, a xudicatura ou a milicia, vai dar paso á formación dunha agricultura de pequenos campesiños propietarios que ademais poden ampliar as súas explotacións gracias á privatización dos espazos comunais, que en Galicia non foron desamortizados. Estes campesiños toman cada vez máis conciencia das súas necesidades, modernizando as explotacións ao introducir novas técnicas e cultivos, e tamén dos seus dereitos que canalizan a través do asociacionismo agrario. Os cambios no réxime da propiedade e as melloras técnicas son, sen dúbida, os rascos definidores da agricultura desta etapa que se inicia nas últimas décadas do século XIX e se consolida no primeiro terzo do XX.

A redención dos foros é, posiblemente, o fenómeno máis significativo do período. Se ben no plano legal esta redención non vai a ser recoñecida ata 1926 co decreto redencionista de Primo de Rivera, na práctica xa se ben aplicando dende finais do século XIX a través de acordos privados, sendo os anos comprendidos entre 1918 e 1923 os de maiores redencións forais. A eliminación do sistema foral é unha vella reivindicación que queda agora definitivamente resolta. Tras varios intentos reflectidos na Ley de Paz Nóvoa na I República, despois suspendida, ou en proxectos como o de Montero Ríos en 1886 ou o de Eduardo Vicenti en 1907, a cuestión foral queda cerrada. A solución atópase na redención, que non na abolición, que supón o recoñecemento dos dereitos do que percibe as rendas mediante o pago dunha indemnización, non excesivamente elevada, por parte do campesiño que se fai coa propiedade da terra. Este proceso redencionista que converte ao campesiño en propietario da terra que traballa é posible, por unha parte, gracias a capacidade de manobra que o asociacionismo agrario permite ao labrego e, por outra, á relativa prosperidade agraria producida pola eficiente comercialización dos excedentes gandeiros ou polas remesas de cartos procedentes de América que permiten pagar as indemnizacións. Deste xeito, consolídase a pequena explotación familiar que permite a racionalización da produción agraria e a penetración do capitalismo no campo.

2.1.2. A privatización dos montes comunais

Ao mesmo tempo que se produce a redención dos foros, acelérase outro proceso privatizador da terra que xa se ven realizando dende o Antigo Réxime e que completa a propietarización campesiña. Trátase do reparto dos montes que ata entón se explotaban de forma comunitaria entre os veciños das aldeas e das parroquias. A privatización dos montes prolóngase durante todo o século XX e, aínda na actualidade, están catalogados como montes comunais máis da cuarta parte da extensión territorial de Galicia. A privatización dos montes xorde, en parte, como estratexia de defensa e de reacción dos campesiños fronte a intención do Estado liberal de municipalizar estes terreos. Os campesiños, entón, proceden a pechar amplas superficies, resultado tanto de apresamentos individuais como de repartos colectivos. Por outra parte, este proceso permite un uso intensivo dunhas terras que se van dedicar, sobre todo, a forestal para a explotación de madeira destinada á exportación para a minería inglesa e para a construción naval. Tamén así se intensifica a produción de toxo, que segue sendo un elemento fundamental para a alimentación bovina e para a obtención de adubos naturais. En xeral, o mellor aproveitamento do monte permite optimizar os rendementos das explotacións agrarias.

O proceso de privatización dos montes comunais non beneficia a todos os campesiños por igual e unha parte importante do comunidade rural queda excluída deste reparto. É o caso de xornaleiros, criados, caseteiras (mulleres que viven soas), pobres e, moitas veces, todas aquelas casas que posúen pouca terra ou carecen de casa de seu (caseiros). Isto é así porque os montes de *voces* ou de *varas*, que son os repartidos xa dende finais do século XIX pero sobre todo entre 1920 e 1940, estaban relacionados coa dimensión das explotacións agrarias de cada veciño, co cal a maior labranza, maior cota nos montes. Porén, os montes de *veciños* son máis igualitarios que os de *voces* xa que todos os veciños teñen dereito o seu aproveitamento pero este tipo de terras seguen mantendo o seu uso colectivo ata a actualidade, permanecendo aínda sen dividir.

2.1.3. A aplicación dos avances científicos e tecnolóxicos e a especialización produtiva

A transformación da sociedade agraria galega non se basea soamente no cambio de titularidade das terras senón tamén nunha serie de melloras técnicas que definen este período inicial de modernización na agricultura galega. Estes cambios plásmanse na reconversión do sistema de cultivos, na incorporación de maquinaria e de fertilizantes químicos e tamén no crecemento e mellora da calidade da cabana gandeira que levan a Galicia a especializarse na produción de carne. En xeral, pódese falar dun importante aumento da produción e da produtividade que, por primeira vez, non se debe exclusivamente á intensificación do traballo humano senón, sobre todo, á capitalización das explotacións agrícolas e gandeiras.

A reconversión do sistema de cultivos significa, sobre todo, que aumenta o espazo dedicado ás leguminosas e as patacas, créanse máis prados e péchanse *agras* e *vilares* que ata entón se aproveitaban comunitariamente. Prácticas frecuentes

ata agora como o barbeito redúcese notablemente co conseguinte aumento da produtividade. Introdúcense sementes seleccionadas de mellor calidade e xeneralízanse os cultivos intensivos e a sementeira ao suco fronte a tradicional ao chou moito menos eficiente.

Por outra parte, intensifícase o capital invertido nas explotacións e isto reflíctese na incorporación de innovacións técnicas como a motorización e os abonos químicos fronte aos orgánicos. As innovacións incorporadas polas explotacións galegas neste período buscan mellorar a produción pero non modifican substancialmente as características do sistema agrario predominante. En xeral, as melloras técnicas aforran traballo e alivian as tarefas máis intensivas. O uso da maquinaria comeza a ter certa importancia despois da Primeira Guerra Mundial, cando o inicio da produción española fai posibles uns prezos máis asequibles e unha oferta adaptada ás necesidades das explotacións galegas de dimensións moi reducidas. O ámbito de maior renovación na tecnoloxía agraria en Galicia é o que constitúe a trilla do cereal. Aparecen as primeiras malladoras e segadoras e xeneralízase o seu uso, que permite o aforro de traballo e de tempo, minimiza o risco de perder a colleita por choivas inesperadas e mellora a calidade do produto final. Co uso masivo destas trilladoras o nivel de mecanización do campo galego chega a ser maior que o de rexións cerealeiras clásicas. Outro dos cambios tecnolóxicos fundamentais é a substitución progresiva do arado romano de madeira polo arado de vertedeira, construído en ferro.

Maquina de trillar e trilla do cereal

Porén, nesta etapa o cambio máis significativo ven da man do uso de fertilizantes químicos, minerais ou inorgánicos que van a ser introducidos pouco a pouco ata ser comprados colectivamente polos sindicatos agrarios. O seu consumo medra de forma moi significativa ata case non poder prescindir deles. Este incremento no seu uso permite a instalación en A Coruña dun centro de distribución de abonos da firma Cros en 1930.

Á modernización da agricultura galega hai que engadir neste momento as melloras introducidas no sector gandeiro que son, sen dúbida, fundamentais para a economía de Galicia do século XX. O incremento da produción pecuaria, que se duplica entre 1900 e 1930, arrastra toda unha serie de innovacións que afecta a outros sectores. Esixe o aumento da produción de forraxes, melloras nos sistemas de estabulación e cambios nas vías de comercialización. A crise de finais do XIX leva aos gandeiros galegos, ademais da busca de novos mercados, á resolución do problema dende dúas perspectivas diferentes. Por unha parte, necesitan atopar unha raza mellorada que solucione a dexeneración da autóctona e, por outra, mellorar tamén as

condicións de hixiene das cortes e controlar as enfermidades. Na primeira década do século XX concrétase a difusión dunha raza, posteriormente coñecida como rubia galega, de aptitude mixta (carne, leite e traballo) que é o resultado da mestura de exemplares selectos do país con outros de orixe suízo. Á crianza desta raza, máis produtiva, hai que engadir a extensión dos servizos de sanidade e hixiene e a contratación de veterinarios por parte das sociedades agrarias así como a creación de sociedades de seguros mutuos para o gando dende a última década do século XIX nas comarcas de maior vocación gandeira.

Todas estas iniciativas innovadoras no sector agropecuario son promovidas e difundidas tanto por persoeiros individuais como por institucións públicas. Na sociedade civil, personalidades, sociedades e sindicatos se involucran e facilitan as condicións necesarias para que as melloras técnicas cheguen aos campesiños. Tanto uns coma outros desempeñan un papel activo na demanda e aplicación das melloras así como na compra de abonos, utensilios ou sementes que despois distribúen nas explotacións. Non menos significativo foi o traballo de institucións de carácter público como a Granxa Agrícola Experimental de Coruña, creada en 1888 polo Ministerio de Fomento como cúpula dun entrabado que se completa coa instalación doutros centros menores como Estaciones de Agricultura, Campos de Experiencias y Demostración ou laboratorios de análises de ámbito comarcal. A isto hai que unir algunhas iniciativas das deputacións ou dos concellos e a constitución, nos anos vinte, de centros de investigación especializados como a *Estación de Fitopatología Agraria* ou a *Misión Biológica de Galicia* en A Coruña onde prestixiosos especialistas formados nos mellores centros europeos traballan pola modernización da agricultura galega.

2.1.4. A mercantilización das pequenas explotacións familiares

As innovacións técnicas, de enorme transcendencia para a agricultura galega, ademais das importantes melloras que supoñen para a vida dos campesiños, significan unha primeira mercantilización efectiva do campo galego. Os agricultores precisan agora mercar produtos industriais para renovar o seu ciclo produtivo e, por outra banda, a maior produtividade permítelles poñer á venda os excedentes agrarios. A mercantilización destes excedentes céntrase nesta etapa na venda de carne e de reses destinadas aos grandes centros de consumo peninsulares. A actividade gandeira e a comercialización do gando é posible gracias ás melloras na agricultura que permiten un aumento da produtividade e tamén a chegada do ferrocarril a Galicia que favorece os intercambios. Ademais da carne de vaca e de porco, os labregos comercializan outros produtos que poñen á venda nas cidades como aves, ovos ou leite. Tamén a madeira forma parte importante das transaccións comerciais galegas e da integración dos campesiños no mercado. Por outra banda, a crecente demanda de produtos de orixe industrial supón tamén, para o home do campo, a súa participación no mercado. Máquinas, arados, abonos, sementes e outros produtos necesarios para a nova agricultura son adquiridos en ferreterías e establecementos especializados de nova creación. Campesiños e gandeiros esfórzanse por controlar os procesos de mercantilización e atopan axuda en moitas ocasións nas sociedades e cooperativas

patrocinadas polo movemento agrarista que promoven a compra colectiva e a comercialización dos produtos.

2.2. O desenvolvemento industrial e comercial

O dinamismo rexistrado no sector agropecuario contrasta coas dificultades que vai atopar o proceso industrializador en Galicia. A industria galega do século XIX non é capaz de superar os límites tecnolóxicos preindustriais e non usa fontes de enerxía propias da revolución industrial. Por todo isto, Galicia segue dependendo en grande medida do sector primario e moita da súa xente vese obrigada a emigrar. Neste panorama tan so poderemos referirnos a algunhas excepcións que se sitúan nas provincias de A Coruña e Pontevedra onde xorden fábricas baseadas na pesca, na conserva, nos estaleiros e noutras industrias derivadas.

Na segunda metade do século XIX, a evolución dos sectores industriais tradicionais, sobre todo o dedicado ás manufacturas téxtiles, vaise ver detida polo retroceso que sofren en todos os mercados debido a súa pouca competitividade. Isto vese acrecentado pola chegada do ferrocarril que favorece a entrada de produtos cataláns moito máis competitivos. Se a isto engadimos a incapacidade destas industrias para incorporar os avances da revolución industrial, temos un panorama realmente desalentador para estas actividades que a levan a súa práctica desaparición nos anos finais do século. A pesar da creación de varias factorías produtoras de tecidos de algodón baratos que resisten mellor a competencia dos cataláns como son os casos da fábrica de Xubia, “La Primera Coruñesa” o “La Arzuana”, a manufactura téxtil vai quedar practicamente reducida aos encaixes artesanais da Costa da Morte.

Algo similar ao que lle sucede á industria téxtil, ocorre coa siderurxia galega aínda que o seu impacto na economía foi menor a excepción do sueste da provincia de Lugo. A súa decadencia comeza xa a mediados do XIX pero esta acentúase co esgotamento dos xacementos próximos ás ferrerías e ca escaseza e o aumento de prezo do carbón vexetal que lles serve de combustible. Finalmente, xa nas últimas décadas da centuria, a competencia das empresas vascas e asturianas pon remate en Galicia a esta actividade, so quedando aberta en 1900 unha ferrería.

O único sector tradicional que sobrevive, aínda que so momentaneamente, é o do curtido. Nos anos setenta e oitenta do século XIX a introdución de novos materiais que permiten incrementar a produtividade gracias a redución no tempo empregado no curtido e a chegada de maquinaria máis precisa fai mellorar notablemente o rendemento do sector e aumentar os seus beneficios. Porén, no tránsito ao século XX as curtidoras empezan a súa decadencia a favor doutras rexións do Estado. Os novos avances técnicos introducen tamén criterios novos de localización destas empresas. A partir de entón necesítase man de obra especializada da que Galicia carece e prímase a proximidade aos grandes centros de consumo. A isto hai que engadir a importancia que cobran as peles importadas de América que tamén veñen a substituír ás galegas.

A pesar do escaso desenvolvemento industrial que, en xeral, vive Galicia neste período e do retraso que supón en comparación cos países máis avanzados de Europa, xa están inmersos na segunda revolución industrial, podemos facer referencia a consolidación dalgunhas actividades comerciais e industriais máis dinámicas. Estes exemplos atopámolos en iniciativas que supoñen o apoxeo da industrialización galega como a industria conserveira e a construción naval así como en sectores como o ferrocarril, fundamental para o posterior desenvolvemento doutras actividades, as eléctricas ou a banca.

2.2.1. A industria conserveira e a construción naval

Nas últimas décadas do século XIX e ao longo do primeiro terzo do XX vaise desenvolvendo en Galicia a primeira industria moderna, en torno ás actividades marítimas, coa constitución dun sector fabril conserveiro, a aparición de novos estaleiros e un conxunto de talleres e fábricas necesarios para o mantemento deses dous grandes polos.

En torno ao ano 1880 dáse a situación favorable, tanto interior como exterior, para o despegue da industria conserveira. No interior, o desestanco do sal, a chegada de indianos dedicados á salga de peixe e o feito de que os cataláns deixaran de enviar a Cataluña os beneficios dos seus negocios en Galicia, son factores determinantes para o desenvolvemento dunha industria, polo menos establecida en Galicia e que conta con man de obra autóctona aínda que a titularidade das empresas sexa de procedencia exterior así como o destino dos produtos aquí elaborados. No exterior, a forte crise producida na industria conserveira bretona debido á fuxida da sardiña das súas costas é tamén determinante para o establecemento en territorio galego deste tipo de actividade industrial. En 1882, fírmase un importante tratado comercial con Francia a partir do cal a presenza francesa é fundamental gracias ás súas aportacións técnicas e aos novos mercados que se abren. A partir de entón, o número de fábricas medra de ano en ano dende as once existentes en 1885 ata as cento seis de 1907. As factorías artesanais anteriores convértense en auténticas fábricas no sentido moderno do termo. Vigo pasa a ser o primeiro centro conserveiro peninsular e Galicia, en xeral, produce o cincuenta e nove por cento da conserva española. Nesta evolución positiva de crecemento hai momentos máis baixos como o da década dos noventa, cando a produción se estanca ata que a mediados da primeira década do século XX as innovacións técnicas norueguesas e francesas permiten cuadriplicar a capacidade produtiva. Neste momento, a creación da Unión de Fabricantes de Conservas tamén contribúe ao afianzamento definitivo deste sector en Galicia.

Os protagonistas deste trunfo industrial que supón a industria conserveira galega están con frecuencia relacionados cos antigos fomentadores non podendo desvincular, en moitas ocasións, a actividade da salga da conserva. As familias máis importantes nesta actividade son os Massó, Alonso, Barreras, Alfageme ou Cerqueira.

A venta de sardiñas e a súa salga ten grande importancia na economía galega no XIX

A industria conserveira é, sen dúbida, a máis destacada do período e, á importancia que ten por si mesma, hai que engadir a capacidade de arrastre sobre outros sectores. O auxe da conserva fomenta o tráfico portuario de centros como Vigo ou A Coruña así como a modernización da actividade pesqueira en xeral, introducindo artes novas como as *traíñas* ou, posteriormente, as embarcacións a vapor que permiten chegar ata os caladoiros de Gran Sol ou Terranova. Unha industria conserveira moderna como a galega crea no seu entorno todo un complexo industrial que agrupa a moitas factorías auxiliares dedicadas á realización de envases metálicos, de caixas, industrias metalúrxicas e de litografado, fábricas de xeo, talleres, aserradoiros, etc. Tamén baixo a súa influencia xorde a construción naval e a rede de estaleiros da Ría de Vigo onde destaca o creado pola familia de José Barreras a finais do século XIX. Á construción naval civil hai que engadir o crecemento dos dous estaleiros militares de Ferrol e a creación de industrias auxiliares como fundicións ou fábricas de motores e maquinaria. A neutralidade española na Primeira Guerra Mundial impulsa a produción e o xurdimento de novas empresas.

Aínda que a industria conserveira é o gran éxito industrial deste período, podemos referirnos ao florecemento doutras iniciativas que xorden, moitas delas, gracias a situación económica favorable que se produce en España despois da Primeira Guerra Mundial. Nos primeiros anos do século XX comezan a súa andadura varias sociedades mineiras coma a de Vilaodriz ou industrias derivadas da produción agraria como o matadoiro de Porriño.

2.2.2. O ferrocarril

A implantación do ferrocarril en Galicia ten consecuencias diferentes para uns sectores e para outros. Se ben supón un pulo definitivo para a industria conserveira facilitando a súa exportación e para comercialización do gando vacún, non ocorre o mesmo ca tradicional industria do liño que ve cada vez máis cerca a súa desaparición coa chegada dos téxtiles cataláns. Pero a chegada do ferrocarril a territorio galego faise esperar. Galicia vai quedar á marxe da primeira fase de construción da rede ferroviaria estatal por unha serie de circunstancias económicas e sociais. Por unha parte, a falta dun tecido industrial sólido e a ausencia de grandes centros de produción

e de consumo non fan atractivo o país para os capitais foráneos. Ademais tampouco existen institucións financeiras propias para investir no ferrocarril. A isto hai que engadir a falta de interese das clases dominantes, máis interesadas en percibir as rendas agrarias que en apostar pola construción da rede ferroviaria e pola industrialización. Por outra parte, tampouco o Estado actuou coa dilixencia debida ao conceder as licencias a compañías carentes da máis mínima solvencia que, a pesar de recibir subvencións de ata o setenta e cinco por cento do presuposto das obras, entran nun círculo de subcontratacións de tramos a outras compañías e de crises financeiras propias que se plasman no incumprimento dos prazos previstos e nos sucesivos retrasos. Finalmente, en 1873 inaugúrase en Galicia os primeiros corenta e un quilómetros de liña férrea entre Santiago e Carril. A partir deste ano e ata 1886 prodúcese a primeira gran etapa de expansión do ferrocarril, construíndose o cincuenta e cinco por cento da rede actual. A continuación, a apertura de novas liñas estáncase e non recuperará o seu ritmo ata despois da Guerra Civil.

2.2.3. O sector hidroeléctrico

A principios do século XX comeza o desenvolvemento en Galicia do sector eléctrico a través da creación de empresas, normalmente de capital foráneo, como “Sociedad General Gallega de Electricidad” ou “Electra Industrial Coruñesa” que aportan a enerxía necesaria ás conserveiras, os estaleiros e os tranvías urbanos. En xeral, a implantación dun sector eléctrico galego anterior á Guerra Civil vai a ser bastante escasa, a pesar das boas condicións naturais das que dispoñemos, debido fundamentalmente á falta de demanda industrial. Estas empresas que xorden agora veñen a complementar a outras máis pequenas que ata entón subministraban a electricidade para iluminar a pequenas vilas como Monforte, Lugo ou Pontevedra. O aporte de capital bancario no seu accionariado favorece o seu crecemento así como o proceso de concentración das sociedades eléctricas. Este proceso, iniciado a partir de 1921, leva a que nos anos trinta o grupo formado pola “Sociedad General Gallega de Electricidad”, as “Fábricas Coruñesas de Gas y Electricidad” e a “Hidroeléctrica del Pindo”, tutelado polo Banco Pastor, controla case o oitenta por cento da enerxía eléctrica producida en Galicia. Este grupo é capaz de acometer grandes obras hidráulicas que doutro xeito non serían posibles. Así, está garantida a enerxía que precisa o escaso sector industrial e a iluminación dos grandes núcleos urbanos.

2.2.4. As orixes da banca galega

Nos últimos anos do século XIX tamén se desenvolve en Galicia o sistema financeiro, multiplicándose as entidades de ámbito local ou comarcal ao amparo do comercio do gando e dos cartos dos emigrantes. Con anterioridade, o papel da banca nas poboacións galegas céntrase en bancos como os existentes en A Coruña ou Santiago, creados na década dos cincuenta e vinculados ao comercio local, ou en oficinas do Banco de España, como a de Ourense, abertas nos anos sesenta. A Coruña é a cidade galega con maior tradición bancaria debido a súa condición de capital dunha bisbarra na que ten gran importancia o comercio marítimo con Inglaterra

e tamén á concentración de capitais procedentes das colonias que teñen como destino as súas entidades bancarias. Dende 1876 créanse as Caixas de Aforros nas principais cidades e dende 1900 os bancos de A Coruña e Vigo, este último que nace fundamentalmente gracias ós aportes de capitais chegados de América, xogará un importante papel no financiamento da industria e do comercio marítimo. En 1925 constitúese o Banco Pastor e, so despois da depresión de 1929, aparecen os primeiros bancos españois en Galicia.

O Banco Pastor desprega unha intensa inversión industrial coa creación de sociedades que configurarán o primeiro dos grupos económicos autóctonos e multiplica o seu capital ata converterse no primeiro e no máis importante banco galego da época. As súas orixes están en "José Pastor y Cía" que, a partir de 1890 se converte nunha sociedade mercantil e bancaria chamada "Sobrinos de José Pastor" e, dende 1925, en Banco Pastor. O seu primeiro presidente é Ricardo Rodríguez Pastor e o segundo, a partir de 1939, Pedro Barrié de la Maza. Baixo a dirección de ambos, o Banco Pastor sitúase á cabeza das entidades bancarias en Galicia e fomenta, antes e despois da Guerra Civil, unha rede de potentes sociedades industriais. Xa baixo a ditadura franquista, Barrié de la Maza, convertido en conde de Fenosa, desenvolve empresas tan estratéxicas para a economía galega como "Astilleros del Noroeste" (Astano, 1941) ou "Fuerzas Eléctricas del Noroeste" (Fenosa, 1943).

Ao lado desta banca moderna, continúan e incluso aumenta o número de casas de banca de destacados comerciantes locais que actúan ademais como banqueiros. A pesar de que o seu peso no sector é menor, algunhas delas mantéñense incluso despois da Guerra Civil, reconvertidas en sociedades anónimas como "Hijos de Olimpio Pérez", en Santiago, "Hijos de Simeón García", en Ourense, ou a "Banca Etcheverría", en Betanzos.

3. OS CAMBIOS SOCIAIS

Na Galicia das últimas décadas do século XIX e primeiro terzo do XX predomina con claridade un carácter eminentemente rural. Para ver o alcance desta afirmación basta con dar uns datos: no ano 1900, o 90,1% da poboación galega vive fora das sete cidades e en 1930 esta porcentaxe é do 86´7%. Polo tanto, é sinxelo deducir que a maior parte dos galegos eran campesiños aínda que non todos os que viven no campo se dedican exclusivamente a tarefas agrícolas. Unha parte de esta poboación dedícase a fabricación de liño, traballa nas ferrerías,nas curtidoras o unas canteiras. Porén, moitos destes oficios van desaparecendo e o home do campo participa entón na construción de túneles ou vías de ferrocarril, na extracción de mineral nas minas ou sobrevive con algún pequeno comercio como o despacho de viños ou comestibles.

Os cambios na economía desta etapa van acompañados tamén de importantes transformacións na sociedade, sobre todo no primeiro terzo do século XX, que provocarán conflitos sociais de gran relevancia para Galicia, como son os casos do agrarismo e das primeiras folgas obreiras. Os cambios sociais máis destacados son, sen dúbida, os que levan a desfacer a composición tradicional que a sociedade galega mantivera durante todo o século XIX. Isto reflíctese nunha nova estrutura social caracterizada pola desaparición da fidalguía e, en xeral, a figura do rendista agrario e, pola contra, pola aparición do campesiño propietario, da burguesía comercial e industrial e dun proletariado cada vez máis definido e independente dos gremios.

3.1. A desaparición da fidalguía

Durante as últimas décadas do século XIX, coincidindo coa Restauración, a estrutura social mantense, aínda que maiores tensións, organizada do mesmo xeito que nos anos anteriores da centuria. A fidalguía segue desempeñando o mesmo papel hexemónico, como grupo que controla as terras e cobra rendas aos campesiños polo seu uso. A fidalguía é capaz de adaptarse, tanto social como economicamente, ao novo sistema xurdido das revolucións burguesas, tratando de manter o seu prestixio e de manter o seu patrimonio que, na maior parte das ocasións, mantense intacto ata os anos finais da centuria. Os fidalgos fórmanse en dereito para poder defender as rendas da casa fronte as agresións liberais e, moitas veces, fanse cargo directamente da xestión da explotación, participando na introdución de novas técnicas, cultivos ou outras novidades xurdidas dos novos tempos e tratan de controlar os niveis locais da administración e da xustiza para asegurar a súa posición. Porén, todos os seus esforzos van a ser en vano e non poden evitar as transformacións que se forxan nos últimos anos do XIX e que levarán a súa desaparición como grupo social. O gran cambio na súa situación comeza ca crise dos anos oitenta, que os obriga a vender parte das rendas á burguesía das cidades, e prodúcese definitivamente coa redención

dos foros e co acceso a propiedade das terras por parte dos campesiños. É entón cando a fidalguía rendista perde a súa principal fonte de ingresos e de dominación coa consecuente perda de privilexios e de patrimonio.

3.2. O auxe da burguesía industrial e comercial

Por outra banda, mentres a fidalguía vai esmorecendo, a burguesía consolida a súa posición social e económica. Unha burguesía industrial y comercial, radicada sobre todo en Vigo e A Coruña, encárgase dunha gran cantidade de funcións relacionadas co comercio, coa banca e co préstamo, ca administración de fincas, etc. O sector burgués máis emprendedor é o que inverte na construción dos ensanches das cidades ou noutros proxectos da época como as estradas ou o ferrocarril aínda que, en xeral, non aposta pola inversión industrial. Para demostrar o seu poderío económico é frecuente que se instalen nos barrios máis novos das cidades e que accedan aos espazos de ocio propios dos privilexiados como casinos, sociedades recreativas ou teatros. Os burgueses galegos teñen unha certa formación cultural e interésanse pola participación política, defenden a liberdade económica, o progreso e as novas correntes artísticas e culturais como o realismo ou o modernismo. Moitos dos seus centros de reunión, creados con frecuencia xa a mediados do XIX, son cerrados polas autoridades franquistas e recupéranse no período democrático. O “Círculo de Artesanos” de A Coruña, o “Liceo Recreo de Artesanos” de Ourense ou o “Círculo de Bellas Artes” de Lugo son verdadeiros centros de actividade que conviven cos Casinos creados nas diferentes cidades polos sectores burgueses que non compartían o liberalismo.



- Eu son un desgraciado por pagar tanta contribución
- Máis desgraciado son eu por non pagar ningunha

A burguesía coruñesa, como en xeral a burguesía galega, non inverte o seu capital na industria e so crea algunhas empresas de tamaño medio. As súas principais inversións están nos servizos derivados da situación portuaria da cidade: axencias consignatarias de buques dedicados ao tráfico de pasaxeiros e de mercancías, transporte de poboación, comercio ao por maior, actividades pesqueiras, hostalería, restauración e, sobre todo, a banca. En Vigo, a burguesía marítima-mercantil implícase no sector conserveiro e nas actividades derivadas del ao tempo que

controlan grandes superficies de propiedade urbana que inverten no sector inmobiliario, transformando estes solares en vivendas, ás veces en edificios modernistas, ou en locais comerciais. Familias como Barreras, Tapias e, sobre todo, Bárcena, controlan boa parte dos sectores económicos da cidade aínda que non se pode esquecer a importancia do capital estranxeiro e do pertencente aos indianos retornados ou dos profesionais que optaron por unha carreira nacional. É o caso, en Vigo, de José García Barbón, o segundo maior propietario vigués en 1910 debido as ganancias en Cuba ou do propio Montero Ríos, principal accionista da "Cordelería Ibérica" viguesa. Porén, nas actividades que necesitan de grandes inversión como o transporte transoceánico ou as minas, domina o capital foráneo británico, alemán ou francés fronte o da burguesía galega.

3.3. O papel do clero

A nova situación económica tivo tamén consecuencias para o clero que, xa dende os anos trinta do século XIX, ve perder gran parte do seu poder económico debido a desamortización e a supresión dos décimos ou de outros privilexios como o voto de Santiago. Debido a esta perda de poder, o acceso ao clero deixa de ser un dos obxectivos da nobreza e agora van a ser moitos fillos de campesiños os que pasen a ocupar eses postos para conseguir así un ascenso social. En consecuencia, o clero *ruralízase*, faise máis inculto e menos preparado e, nalgúns casos, os sacerdotes pasan a desempeñar un papel decisivo nas sociedades agraristas como é o caso de Basilio Álvarez. As xerarquías eclesiástica, que por outra parte, seguen recordando ás do Antigo Réxime, fan un esforzo por culturizar os novos cregos e fomentan a actividade dos seminarios, nos que se ensina en latín e castelán. No campo, aproveitando a nova procedencia dos seus párrocos, a Igrexa trata de impoñerse a outras ideoloxías e, a partir de 1917, o sindicalismo agrícola de signo católico enfróntase con ´éxito ao agrarismo autónomo e abolicionista.

Nas cidades, a Igrexa participa na creación dos "Círculos Católicos de Obreros", asociación que pretenden respostar ás necesidades dos traballadores e, ao mesmo tempo, instruílos na doutrina católica. Nestas asociación impártense coñecementos de carácter relixioso, moral, científico, literario e artístico así como ensinanza elemental e técnica, conferencias, e organízanse concursos e exposicións. Ademais das tarefas de formación, os "Círculos Católicos de Obreros" colaboran na mellora das condicións de vida da xente mediante a creación de institucións benéficas, de aforro, de seguros, de crédito popular ou de consumo así como caixas para a vellez, a invalidez ou o paro, entre outras iniciativas. Os primeiros círculos deste tipo nacen en 1893 en Pontevedra e Mondoñedo e posteriormente en Ferrol, Santiago, A Coruña, Ourense ou Vigo. Moitos deles nacen, en gran parte, para contrarrestar a implantación de sociedades obreiras influídas polo socialismo. Tamén neste círculos de obreiros establécense, a principios do século XX, cooperativas de consumo e unha "Caja de Ahorros y Monte de Piedad" que, xuntas, constituirán máis tarde a futura "Caja de Ahorros" rexional.

3.4. O campesiñado e o proletariado

Outro dos grupos sociais que protagoniza os cambios nesta etapa é o campesiñado. A desamortización, que afecta fundamentalmente aos bens da Igrexa, non modifica significativamente as relación sociais no campo galego. Así, nas últimas décadas do século XIX os traballadores do agro viven, en xeral, nunhas pésimas condicións de vida que moitas veces obrigábamos á emigración e eles ou aos deus fillos. A rendibilidade das vellas estruturas agrarias era moi escasa debido ao minifundismo, o sistema de cultivo que se baseaba en exclusiva nos cereais tradicionais a na pataca e ao uso exclusivo de abonos orgánicos e do arado romano. A esta situación desfavorable engádeselle os enormes gastos que os agricultores teñen que soster debido ás rendas e ao sistema tributario liberal.

Toda esta situación empeza a cambiar nos últimos anos do século XIX e mellora definitivamente durante o primeiro terzo do XX cando os campesiños galegos adquiren a propiedade da terra, convértense en propietarios e deixan de depender dun señor receptor de rendas. Este proceso, que se inicia durante a República, continua na etapa da Restauración con varios anteproxectos e queda definitivamente cerrado co decreto de redención dos foros de Primo de Rivera en 1926. As ganancias obtidas polas exportacións bovinas e o capital obtido polos emigrantes permiten a moitos campesiños redimirse do foro e acceder ao dominio directo. Ademais, o campesiño é capaz de diversificar a produción e a comercialización dos seus produtos e de introducir maquinaria e novos abonos que permiten a modernización das súas explotacións. Máis non todo son melloras. Nos anos trinta do século XX as parcelas seguían sendo demasiado pequenas para permitir a racionalización do traballo e unha rendibilidade elevada das terras. Por este motivo, as explotacións seguen orientadas a un policultivo de autoconsumo, a excepción das dedicadas a gandería.

O home do campo está cada vez máis concienciado dos seus dereitos e participa en movementos sociais que defenden os seus intereses. Trata de buscar a resposta aos males que o aqueixan e, a partir de 1886, créase unha rede de sociedades agrícolas de distinta índole que permite ao campesiño acceder ás innovacións. A partir de entón os diferentes partidos e opcións políticas pretenden gañarse a confianza dos labregos. O rexionalimo trata de achegarse a eles mediante as Asembleas Agrarias para atender as súas reivindicacións e en 1931 o Partido Galeguista aproba unha serie de propostas como a creación de escolas rurais e de centros técnicos de investigación e experimentación agrícola, forestal e pecuaria, a repoboación intensiva dos montes comunais, a electrificación rural, etc.

Tamén nas cidades xorden asociacións a través das cales os traballadores urbanos asalariados, tanto os dos talleres artesanais como os das fábricas, comparten o seu tempo libre e, posteriormente, analizan as súas preocupacións e canalizan as súas reivindicacións. Estas cooperativas cobran maior importancia política a raíz da difusión das ideas da Primeira Internacional e serven de base ao proletariado galego

para iniciar o movemento obreiro. Xa en 1871-72, obreiros coruñeses e ferroláns afílianse á Federación Regional Española e, a partir do restablecemento da liberdade de asociación en 1881, reactivan as federacións de A Coruña e Ferrol e promoven varias folgas que os levan a conseguir as oito horas de traballo, nun primeiro momento so en inverno pero despois durante todo o ano. O seu exemplo é seguido polos obreiros de Vigo, Pontevedra e Santiago.

A aparición do proletariado é outra das consecuencias dos cambios económicos que definen a historia de finais do século XIX e as primeiras décadas do XX. O proletariado galego, numericamente ten escasa importancia se temos en conta o peso da sociedade agraria e está localizado na zona das Rías Baixas e de A Coruña. Ademais hai que facer referencia a orixe labrega de moitos destes traballadores asalariados, circunstancia que establece algunhas peculiaridades nas súas actuacións como o elevado absentismo laboral nas fábricas, sobre todo no período estival. Por outra parte, para definir correctamente ao proletariado galego hai que ter en conta a especificidade do traballo mariñeiro e a dependencia do traballo da muller como complemento indispensable para a unidade familiar.

As condicións de vida dos traballadores das cidades deixan moito que desexar. O pésimo estado das vivendas e as malas condicións de hixiene e salubridade de moitos talleres e fábricas contribúen a difusión de enfermidades como o tifus, o paludismo, a viruela ou a tise. Os salarios eran baixos en relación aos prezos, sobre todo a raíz do encarecemento de algúns artigos de primeira necesidade (carne, patacas, legumes ou pan) e do gravame de consumos. As xornadas laborais eran polo menos de dez horas, as mulleres cobraban moito menos cos homes e os nenos nos primeiros anos non eran remunerados por ser considerados aprendices. Ante este panorama non é de estrañar a reacción dos asalariados e o xurdimento do movemento obreiro.

A aparición do proletariado marca as últimas décadas do XIX e os inicios do s. XX

4. EDUCACIÓN E CULTURA

4.1. A educación

Ao longo deste período as autoridades tratan de reducir as elevadas taxas de analfabetismo e de dar ao conxunto da poboación unha formación mínima e básica en escolas estatais. Porén este é un proceso lento e desigual e, nunha Galicia eminentemente campesiña e con altas cotas de absentismo escolar, os progresos son moito máis lentos que noutras rexións do Estado. Por outra parte, a dispersión xeográfica, as condicións climatolóxicas e a falta de comunicacións son factores que dificultan o acceso ás escolas. Nun contexto así o papel que xoga a parroquia e o párroco son determinantes para reducir o analfabetismo e podemos dicir que o ensino non se seculariza ata chegar a II República. Entón, o número de escolas, públicas e laicas, e de mestres increméntanse como nunca o fixeran ata entón. Por outra banda, aumenta a proporción de nenas escolarizadas, pasando, nas escolas públicas, de constituír unha terceira parte do alumnado en 1885 a case igualar aos nenos en 1933.

O ensino primario público tiña por obxectivo a aprendizaxe do catecismo, ler e escribir en castelán e as catro regras elementais do cálculo. Ás veces, inclúese algo de Xeografía, Historia, Xeometría e Debuxo nuns programas que eran iguais para todo o Estado e que se reflicten nos textos que debían ser autorizados polas autoridades civís e contar coa aprobación das eclesiásticas. O problema do ensino en castelán foi abordado polos nacionalistas, aínda que sen resultado, sendo a iniciativa máis salientable o *Plan Pedagóxico pra galeguización das escolas* que Risco presenta en 1921. As instalacións e as dotacións dos locais destinados á ensinanza eran, en xeral, moi malas. O método de aprendizaxe é memorístico e repetitivo, sen dar cabida á crítica, e sancionador con castigos que incluían o látego, a vara ou incluso a privación de alimentos.

Ao mesmo tempo que aumenta o número de escolas públicas rurais van desaparecendo as escolas privadas de distinto tipo que se desenvolverán ao longo do século XIX. É o caso das chamadas *escolas de ferrado*, nas que as lecciónns de lectura, escritura e doutrina cristiá eran impartidas durante o inverno por algún aldeán, non sempre competente, a cambio de algúns quilos de centeo ou maínzo. Como resposta á, en moitas ocasións, insuficiente e deficiente oferta escolar no mundo rural, xorden outras iniciativas promovidas por particulares, por patronais e, con frecuencia, por emigrantes. A Biblioteca Popular Circulante de Viveiro ou as escolas gratuítas creadas pola Sociedade Española de Construcción Naval son bos exemplos desto.

En América, créanse as *sociedades de instrución* para sufragar os gastos de aluguer ou construción dun local, a compra de material didáctico, o pago de persoal docente ou, incluso, o funcionamento de cantinas, roupeiros e colonias escolares. Gracias as aportacións destas sociedades e aos donativos e legados de indianos enriquecidos en Galicia créanse unhas cincocentas escolas ata 1936 nas que se ensina o mesmo programa que nas públicas a excepción da doutrina cristiá que é substituída por ensinanzas sobre a Constitución, a agricultura , a industria ou a

educación moral. Entre 1936 e 1937 moitas destas escolas foron pechadas e o seu persoal represariado.

Outra das iniciativas que hai que resaltar na historia da escola galega é a levada a cabo, a partir de 1888-89 por librepensadores, moitas veces membros da masonería, antes da laicización da ensinanza pública por Azaña. Este movemento nace en Ferrol e A Coruña e medra ata implantar escolas laicas en case vinte cidades e vilas galegas. Por outra banda, tamén existen escolas confesionais privadas.onde instruían aos seus fillos as clases acomodadas da sociedade como é o caso dos Escolapios en Monforte ou das Escuelas Populares Gratuítas de A Coruña.

O ensino secundario depende directamente do Estado e é impartido nos institutos que se foron creando nas principais cidades ao longo das décadas centrais do século XIX e en escolas de tipo técnico (Escolas de Artes e Oficios) nas que se capacitaba laboralmente aos alumnos. Moitas veces son as ordes relixiosas as encargadas deste nivel educativo xa que teñen a potestade de emitir títulos oficiais. Fosen do Estado ou da Igrexa, estes centros de ensino, gozaban de mellores condicións que as escolas primarias xa que a eles so accedía un reducido número de fillos da clase alta e media. Tamén neste caso, medra o número de rapazas que acceden á ensinanza secundaria, feito que ten como consecuencia a feminización do profesorado. Porén, poucas son as mulleres que chegan á Universidade e, a pesar do decreto de 1910 no que se permite o seu acceso a tódolos niveis da ensinanza, no curso 1920-21 a porcentaxe de mulleres matriculadas so é do un por cento e no ano anterior á Guerra Civil aínda non chegan ao nove por cento.

O ensino universitario está centrado na Universidade de Santiago de Compostela. Os estudos impartidos seguen sendo, basicamente, de humanidades aínda que se van introducindo novas disciplinas (entre 1910 e 1928 constrúese a facultade de Medicina). O acceso aos estudos universitarios estaba so ao alcance dunha minoría e a súa orixe social revela que entre un 35-40% dos casos o seu pai pertencía a unha profesión liberal e pretendía para o seu fillo a mesma formación como avogado, médico ou farmacéutico. Nas últimas décadas do século XIX e as primeiras do XX a universidade compostelá segue tendo problemas orzamentarios, falta de locais adecuados e a imposibilidade de outorgar títulos de doutor sen ser a través da universidade madrileña. A partir de 1918 créanse novas facultades, mellora a calidade intelectual dos profesores formados ás veces no estranxeiro gracias as bolsas da “Junta de Ampliación de Estudios” e concédese a autonomía universitaria entre 1919 e 1922. Tamén neste momento se obriga a crear unha “Asociación oficial de Estudiantes” en cada facultade, o cal potencia o asociacionismo estudantil reivindicativo.

4.2. A cultura

A progresiva alfabetización que se produce en Galicia dende finais do século XIX vai acompañada dun maior interese polos temas culturais, en xeral, e pola lectura en particular. Polo demais, a expansión da imprenta fixo posible a publicación de libros e a aparición de moitos periódicos e revistas de todo tipo. “El Correo Gallego” nace en

1878, “La Voz de Galicia” en 1882, “El Progreso” de Lugo en 1887, “La Región” de Ourense en 1910, “El Ideal Gallego” en 1917, etc. Por outra banda, hai cada vez maior empeño en defender a lingua e a cultura galega e, con este fin, se legaliza en 1906 a “Real Academia Gallega” que ten a Murguía como primeiro presidente e que logra manterse ata a actualidade a pesar dos moitos problemas aos que tivo que enfrontarse. En 1923 un grupo de xoves universitarios funda o “Seminario de Estudos Galegos”, na casa na que vivira Rosalía de Castro, para promover a cultura galega ata a súa disolución en 1936. Tamén as mulleres xogan un importante papel no panorama cultural, a pesar das trabas que teñen que superar. Nomes como Emilia Pardo Bazán, Francisca Herrera, Sofía Casanova ou Concepción Arenal non poden ser esquecidos na historia de Galicia.

Concepción Arenal (1820-1893)

Durante as últimas décadas do século XIX e o primeiro terzo do XX a cultura e as artes plásticas en Galicia están moi marcadas polo desenvolvemento do galeguismo. En arquitectura a corrente clasicista e a ecléctica conviven co modernismo e ven xurdir as vangardas arquitectónicas nos anos vinte. Ademais das artes tradicionais, outras facetas artísticas e culturais como o cine entran na cultura galega destes anos. A Coruña, foi a segunda cidade española en coñecer o invento dos irmáns Lumière en setembro de 1896. Nos primeiros anos ten que abrirse paso e competir con outros espectáculos como o teatro, a ópera ou o circo e proxectarse en barracóns provisionais ata que nos anos dez empeza a dispoñer de salas estables e máis confortables para centos de espectadores. As películas estranxeiras deixan espazo para a produción autóctona: *La Casa de la Troya* (1924), o documental *Galicia* (1925) ou *Un viaje por Galicia* (1929).

5. BIBLIOGRAFÍA

BARREIRO FERNÁNDEZ, X:R:, VILLARES PAZ , R. (coords). A Gran Historia de Galicia. La Voz de Galicia. A Coruña, 2007.

BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. Historia Contemporánea de Galicia. Ed. Galaxia, Vigo, 1981.

DE JUANA LÓPEZ, J. E PRADA RODRÍGUEZ, X. Galicia Contemporánea, en Historia de Galicia, tomo V. Ed. Vía Láctea, A Coruña, 1996.

ROMERO MASIÁ, A. Galicia. CC. SS. Xeografía e Historia, 2º Bacharelato. Bahía Eds. A Coruña, 1997.

VILLARES PAZ, R. Breve Historia de Galicia. Alianza Editorial, Madrid, 2004.

VV.AA. Historia de Galicia. La época contemporánea. Faro de Vigo. Vigo, 1991.